

## **As Mariás: irmás Fandiño Ricart**

Mulleres de luz inmensa na Compostela gris.

Maruxa: Compostela, 1898 – Compostela, 1980

Coralia: Compostela, 1914 – Compostela, 1983

Eran trece os fillos e fillas que tiveron Arturo Fandiño e Consuelo Ricart. El, zapateiro; ela, costureira e bordadora, profesión que van aprender as súas fillas. Xente traballadora e humilde e, porén, digna e leda de conseguir comer coa suor da súa fronte. Velaí a orixe e a identidade das mulleres máis retratadas de Compostela: Maruxa e Coralia, “as dúas en punto”, “as dúas Mariás”, foco de luz, cor e ledicia na Compostela gris e triste do franquismo.

Maruxa, Coralia e Sarita (que morreu moi nova) viviron a súa primeira mocidade naquela Compostela que tanta esperanza tivo no triunfo da República, que rachaba co pasado eclesiástico e caciquil para ver a luz do traballo das clases artesás e operarias e que tiña a esperanza galeguista dun Estatuto. Por iso non é estraño que as Mariás aprendesen liberdade, dereitos e sindicalismo na súa propia casa, escoitando os seus irmáns, destacados dirixentes da CNT. E tamén que a súa mocidade se alimentara do clima de esperanza que se vivía en Santiago: cando as irmás Fandiño saían á rúa a pasear con roupa de cores, os estudantes galeguistas e republicanos chamábanlles “liberdade, igualdade e fraternidade” e os estudantes de dereitas, “fe, esperanza e caridade”.

No entanto, os irmáns tiveron que fuxir ante a sublevación militar franquista. A nai e as irmás viviron as ameazas, o aceite de rícino, o pelo rapado e os falanxistas que viñan controlar a calquera hora a intimidade e a dignidade da familia e das mulleres. Chamáronlles “roxas” e tratáronas de “putas”. O traballo desapareceu e a fame estivo presente diariamente a partir de entón.

As Mariás conseguiron crear un mecanismo de defensa para sobreviviren: tolearon e escuálidas, sen dentes e cheas de afeites vestíronse de luz e cor nese Santiago da miseria e do terror. Todos os días e á mesma hora desafiaban o gris do clima e da mente das xentes co seu facho de luz permanentemente aceso. E mesmo, coa dignidade recuperada, rexeitaban ós estudantes ou visitantes que, coa súa galantería hipócrita, querían achegarse ás máscaras de cor.

Quizais así viviron felices, na súa loucura desesperanzada e cruel, chea de fame e de miseria pero digna.

Grazas, Mariás.□

□

Grazas, mulleres ledas e riseiras, pola luz que lle destes gratuíta e xenerosamente a aquela Compostela tan escura.

## **As Mariás: hermanas Fandiño Ricart**

Mujeres de luz inmensa en la Compostela gris

Maruxa: Compostela, 1898 – Compostela, 1980

Coralia: Compostela, 1914 – Compostela, 1983

Eran trece los hijos e hijas que tuvieron Arturo Fandiño y Consuelo Ricart. Él, zapatero; ella, costurera y bordadora, profesión que van a aprender sus hijas. Gente trabajadora y humilde y, sin embargo, digna y contenta de conseguir comer con el sudor de su frente. Ese el origen y la identidad de las mujeres más retratadas de Compostela: Maruxa y Coralia, “las dos en punto”, “las dos Mariás”, foco de luz, color y alegría en la Compostela gris y triste del franquismo.

Maruxa, Coralia y Sarita (que murió muy joven) vivieron su primera juventud en aquella Compostela que tanta esperanza tuvo en el triunfo de la República, que rompía con el pasado eclesiástico y caciquil para ver la luz del trabajo de las clases artesanas y operarias y que tenía la esperanza galleguista de un Estatuto. Por eso no es extraño que las Mariás aprendieran libertad, derechos y sindicalismo en su propia casa, escuchando a sus hermanos, destacados dirigentes de la CNT. Y también que su juventud se alimentara del clima de esperanza que se vivía en Santiago: cuando las hermanas Fandiño salían a la calle a pasear con ropa de colores, los estudiantes galleguistas y republicanos les llamaban “libertad, igualdad y fraternidad” y los estudiantes de derechas, “fe, esperanza y caridad”.

No obstante, los hermanos tuvieron que huir ante la sublevación militar franquista. La madre y las hermanas vivieron las amenazas, el aceite de ricino, el pelo rapado y los falangistas que venían a controlar a cualquier hora la intimidad y la dignidad de la familia y de las mujeres. Les llamaron “rojas” y las trataron de “putas”. El trabajo desapareció y el hambre estuvo presente diariamente a partir de entonces.

As Mariás consiguieron crear un mecanismo de defensa para sobrevivir: enloquecieron y escuálidas, sin dientes y llenas de afeites se vistieron de luz y color en ese Santiago de la miseria y del terror. Todos los días y a la misma hora desafiaban el gris del clima y de la mente de las gentes con su halo de luz permanentemente encendido. E incluso, con la dignidad recuperada, rechazaban a los estudiantes o visitantes que, con su galantería hipócrita, querían acercarse a las máscaras de color.

Quizás así vivieron felices, en su locura desesperanzada y cruel, llena de hambre y de miseria pero digna.

Gracias, Mariás.

Gracias, mujeres alegres y sonrientes, por la luz que le habéis dado gratuita y generosamente a aquella Compostela tan oscura.

Fuente: Ábum de Mulleres do Consello da Cultura Galega ([culturagalega.gal](http://culturagalega.gal))

Autora: Encarna Otero Cepeda (2010)

Adaptación y traducción: Sara Canto González (2020)